



A pandemia provocada polo coronavirus e o confinamento que tivemos que levar a cabo de cara a evitar un contaxio masivo, provocou unha serie de cambios na nosa vida diaria. Agora que comezamos a saír e a recuperar a normalidade atopámonos con que o COVID-19 obrigounos e obríganos a cambiar moitas cousas da nosa vida cotiá, tendo que tomar unha serie de medidas para evitar un rebrote ou novo contaxio.

A convocatoria do estado de alarma e o tempo de confinamento e desescalada puxeron en perigo a realización das actividades de ocio educativo e tempo libre que tradicionalmente se viñan desenvolvendo no verán destinadas a nenos e nenas e mozos e mozas que gozan nese tempo das vacacións escolares.

No caso particular da Escola de Tempo e Aire Libre Néboa nos obrigou a un longo período de reflexión compartido coa Dirección Xeral de Xuventude (administración da que dependen os campamentos) e outros compañeiros xestores de actividades de ocio e tempo libre. Coñecedores da importancia que para a xente nova ten o contacto coa natureza, sabedores da necesidade dos nenos de desfrutar do aire libre despois de dous longos meses de confinamento privados das relacións sociais e das saídas ao exterior, e escoitadas as recomendación das autoridades sanitarias, chegamos á conclusión de que este ano tamén faríamos campamentos na área natural de Vilarbó.

Eso sí o coronavirus nos obriga a reinventarnos e introducir numerosas modificacións no noso xeito habitual de traballar; iso unido aos prazos e trámites que requiren este tipo de actividades nos levan a retrasar as datas nas que habitualmente viñamos realizando os nosos campamentos e trasladalos á primeira quincena de agosto, a reducir o aforo habitual dos Acampadas Intermunicipais na Natureza á metade e tamén a modificar un pouco as franxas de idade coas que habitualmente traballamos. Por iso este ano reducimos as plazas á metade ,49 en cada turno. Reducimos as idades, traballando con rapaces e rapazas de idades entre os 8 e os 16 anos e reducimos o tempo, de xeito que os participantes no campamento multiaventura este ano somentes poderán disfrutar dunha semana en Vilarbó.

Os turnos que propoñemos son:

| CAMPAMENTO MULTIAVENTURA | | | | | |
|--------------------------|-----------|---------------------|---|---|-----------------|
| IDADES | Nº PLAZAS | DATAS | ACTIVIDADES | CONCELLOS | RESTO CONCELLOS |
| De 12 a 16 anos | 50 | 31 xullo a 8 agosto | Xogos de deportes acuáticos, canoa e remo, splatmaster, volei, xogos (populares, alternativos, deportivos), tiro con arco, cerbatana, artesanía, medio ambiente, roteiro, travesía polo Eume, animación nocturna. | 185 € (As Pontes, Neda, Pontedeume) . | 205 € |



| CAMPAMENTO ROBINSON | | | | | |
|---------------------|-----------|------------------|--|--|-----------------|
| IDADES | Nº PLAZAS | DATAS | ACTIVIDADES | CONCELLOS | RESTO CONCELLOS |
| De 8 a 12 anos. | 50 | 9 a 15 de agosto | Xogos e deportes acuáticos, canoa e remo, splatmaster, obradoiro de cor, artelladas, xogos (populares, alternativos, deportivos), tiro con arco, xincana, hóckei, medio ambiente, roteiro, animación nocturna. | 160 € (As Pontes, Neda, Pontedeume). | 180 € |

Condições de matrícula:

- Na pax webb se colocará a información e os documentos a cubrir para a matriculación.
- Abriráse un turno de matrícula que irá desde o 22 xuño ata o 11 de xullo (ou ata o remate das plazas) que será de forma telemática a través do mail escola@neboa.org . A formalización da matrícula faráse a través do correo electrónico agás a entrega da declaración responsable e a declaración informada cuio orixinal será entregado debidamente asinado o día que se realice a reunión cos pais/nais/titores dos participantes. A non presentación de toda a documentación solicitada vai seguida da perda da plaza
- O criterio de selección dos participantes será, primeiro os participantes dos concellos organizadores (As Pontes, Neda, Pontedeume) e segundos participantes doutros concellos por orde de chegada.
- Revisadas as peticións, comunicaráse a cada interesado se ten plaza ou non.
- Para máis información consultar a páxina web da Escola de Tempo e Aire Libre Néboa, entidade xestora dos campamentos (www.neboa.org)




ACAMPADAS INTERMUNICIPAIS NA NATUREZA

VILARBO _____

ROBINSON (8 A 12 ANOS)

MULTIAVENTURA (12 A 16 ANOS)



DATOS DO PARTICIPANTE

Apelidos e nome.....
Enderezo.....
Localidade.....C.P.....Tlf.....
Data de nacemento.....D.N.I.....
Asistiu a este ou outros campamento en anos anteriores?

NA SÚA REPRESENTACIÓN: PAIS/TITORES

Nome.....
D.N.I. nº..... en calidade de pai/nai titor/titora legal, DECLARO,
baixo a miña responsabilidade, que as condicións físicas do meu fillo/a, tutelado/a son axeitadas para a asistencia ás
Acampadas Intermunicipais na Natureza e que a información aportada nesta ficha é correcta

É alérxico?:..... a que?.....

Precisa algunha dieta alimentaria*?..... Causa

(Adxuntar dieta prescrita polo médico)

Padece algunha enfermidade?

Necesita algún coidado especial:

Conta con algún tipo de discapacidade?..... de que tipo e en que porcentaxe?.....

Conta con tratamento farmacolóxico?.....

Observacións: (Faga constar calquera información que poida ser útil ou importante para a mellor estancia do seu fillo/a):

Outros:

Sabe nadar?.....

EuAutorizo baixo a miña responsabilidade a que
administren ao meu fillo/a o medicamento que seguidamente se relaciona en tempo e dose detallada:

| Medicamento | | | |
|----------------------|--|--|--|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| Observacións: | | | |
| | | | |

D/dona _____

Autoriza non autoriza as decisións médico-cirúrxicas que sexa preciso adoptar en caso de extrema urxencia, baixo a axeitada dirección facultativa médica.

Permite facer fotos do seu fillo/a e/ou representado e utilízalas en posibles publicacións da entidade e na páxina web da asociación Néboa.

Si Non

Pai, nai, titor/a:

EN CASO DE URXENCIA

Avisar a.....con D.N.I

Enderezo.....

con teléfono..... Mail..... Parentesco.....

ADXUNTARÁSE A ESTA FICHA

- Fotocopia do resgardo de ingreso bancario.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- Fotocopia do D.N.I. do participante e se non o tivese fotocopia do libro de familia.
- Unha foto recente tamaño carnet.
- En caso de alerxia alimentaria presentar plan de actuación e plan de rescate.
- En caso de que os nenos/nenas teñan medicación presentar informe médico e firmar autorización para a administración da mesma.
- Declaración responsable de non padecer ningún síntoma do Covid-19 nin ter tido contacto con persoas que o padecerán nos últimos 15 días anteriores ao comezo do campamento.
- Declaración informada do protocolo de actuación.

OBSERVACIÓNS DA DIRECCIÓN

De acordo co establecido por Lei Orgánica 15/1999. De 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle que os seus datos serán incorporados a un ficheiro do que é titular a ASOCIACIÓN ESCOLA DE TEMPO E AIRE LIBRE NÉBOA, coa finalidade da súa xestión na actividade para a que foron solicitados..

Asimesmo, informámoslle da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, e cancelación e oposición dos seus datos no domicilio fiscal de ASOCIACIÓN ESCOLA DE TEMPO E AIRE LIBRE NEBOA, sito en MUCHIQUEIRA, 24, 15510 NEDA - A CORUÑA.



FOLLA DE INFORMACIÓN SOBRE OS POSIBLES RISCOS DA ACTIVIDADE.

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO COVID-19

Ao longo da realización dun campamento hai unha morea de riscos que poden producir accidentes nos campistas, a maioría das veces con consecuencias leves ou medias, e ocasionalmente con consecuencias graves; a estes riscos habituais nas actividades de tempo libre este ano temos que engadir a posibilidade de contaxio asociada ao virus SARS-CoV-2 responsable de diversas manifestacións clínicas coñecidas baixo o termo COVID-19.

Os accidentes nun campamento poden producirse por moitas causas, as instalacións, as actividades, a climatoloxía, as circunstancias do medio no que se desenvolve o campamento, as propias circunstancias de cada un dos e das participantes.

Conscientes de todos estes riscos as actividades programadas nun campamento estúdanse ao máximo detalle valorando todos os riscos e propoñendo unha serie de medidas de seguridade que evitan ou reducen moito os risco de accidente que nelas se pode producir. Igualmente as instalacións son revisadas e mantidas ao longo do ano para a minimización de calquera risco de accidente tratando sempre de melloralas para unha maior seguridade e comodidade dos usuarios.

Existen ademáis unhas normas de comportamento de obrigado cumprimento para todos os participantes das acampadas que axudan a reducir os riscos.

Este ano, coa pandemia que acabamos de sufrir polo coronavirus COVID-19 tivemos que establecer un protocolo de medidas para as instalacións así como para as actividades que minimize a posibilidade de risco de contaxio polo coronavirus. Estes protocolos aínda que



XXXII ACAMPADAS INTERMUNICIPAIS NA NATUREZA VILARBÓ 2020



adaptados ás nosas instalacións están baseados nos protocolos que a Xunta de Galicia elaborou para a adaptación ao COVID-19 en actividades de educación non formal, ocio e tempo libre.

Entre esas medidas cabe citar as seguintes:

- Todo monitorado recibirá formación previa ao inicio do campamento sobre as medidas hixiénico-sanitarias a adoptar no transcurso do campamento e traballará con programación de actividades adaptadas á nova realidade do covid priorizando sempre as actividades ao aire libre sempre que a climatoloxía o permita.
- A chegada ao campamento será escalonada e individual, é dicir cada participante será levado ao campamento por un familiar/titor que acudirá na hora establecida para a súa chegada de xeito que non se produza acumulación de familiares á hora da chegada.
- No inicio do campamento, as normas do campamento e as normas do protocolo de adaptación ao COVID-19 serán explicadas aos participantes facendo fincapé nas normas que dependen da responsabilidade de cada un.
- Os campistas serán organizados en grupos de 10 a 15 usuarios a modo de illa de xeito que un grupo non teña contacto con outro grupo.
- As normas de comportamento do protocolo serán lembradas aos participantes de forma periódica, amén da colocación de cartelería repartida polas instalacións para lembralas (lavar as mans habitualmente, evitar o saúdo e contacto físico entre participantes, evitar tocar nariz, ollos boca, usar panos desbotables, non compartir material...).
- Haberá tomas de temperatura diarias, dúas veces no día de xeito individualizado e levando un control do mesmo para cada participante
- Nas entradas das instalacións haberá a disposición dos participantes xeles desinfectantes, así como toallas de papel, felpudos



XXXII ACAMPADAS INTERMUNICIPAIS NA NATUREZA VILARBÓ 2020



humedecidos cunha solución de auga e lixivia ao 2% e cubos de pedal.

- As instalacións pechadas serán ventiladas diariamente e limpadas dúas veces ao día ou máis se fose necesario.
- Na medida do posible deixaranse as portas abertas evitando así a manipulación das manillas .
- O material das diferentes actividades será desinfectado logo de cada uso e gardado en lugar seguro ata a seguinte sesión.
- No comedor comerá cada participante co seu grupo, e sempre no mesmo sitio, mantendo sempre a distancia de seguridade cos outros grupos.
- Se habilitarán circuítos de circulación para entrar e saír do comedor.
- A comida será servida por un dos monitores/as do grupo.
- Será o propio participante o que recolla os seus propios restos de comida e vaixela, deixando os restos nos contenedores correspondentes e a vaixela nun lugar establecido para o seu lavado na cociña.
- A cociña e o persoal de cociña seguirán os protocolos específicos destinados a eles.
- As duchas serán por grupos e por quendas, sendo supervisadas, como viña sendo habitual, por un monitor ou monitora.
- As plazas nas tendas de campaña estarán reducidas á metade da súa capacidade habitual de xeito que nas tendas máis grandes, de tipo xuventude, aloxaranse catro participantes e nas máis pequenas, denominadas jumaras, aloxaránse tres campistas alternando a orde de colocación da cabeza a dereita e esquerda para evitar que aínda que se movan mentras durmen non acheguen as cabezas.
- As tendas de campaña serán limpadas, e aireadas, todos os días perante 15 ou 20 minutos e desinfectada periódicamente.
- Non estará permitida a entrada de persoal alleo ao campamento.
- O persoal do campamento que sae ao exterior, case exclusivamente o responsable de compras, tomará as medidas oportunas para a súa hixienización unha vez entre no campamento.



XXXII ACAMPADAS INTERMUNICIPAIS NA NATUREZA VILARBÓ 2020



- Se no transcurso das acampadas un ou unha participante presentara síntomas do COVID-19 será illado nun bungaló destinado a ese fin, o mesmo que os seus compañeiros de grupo mentras os servizos médicos non indiquen si é ou non un caso positivo de coronavirus. Así mesmo avisarase tamén á familia do campista e se lle manterá informada de todo o proceso.
- A recollida dos e das participantes será tamén escalonada de xeito que será recollido nun horario establecido con anterioridade por un único membro da familia ou representante autorizado.
- Todos os monitores, equipo directivo e equipo xestor deberá presentar unha declaración responsable, o mesmo que os participantes, conforme non padeceron infección nin síntomas de coronavirus nos 15 días anteriores ao inicio da actividade, e que nese tempo non estiveron en contacto, nin compartindo espazo sen gardar a distancia interpersoal, con ningunha persoa afectada polo Covid-19, nin padeceren ningunha outra enfermidade infecto-contaxiosa.



XXXII ACAMPADAS INTERMUNICIPAIS NA NATUREZA VILARBÓ 2020



Unha vez lida a información ofrecida lles rogamos aos país/nais e titores dos nenos e nenas que vaian asistir ao campamento este ano:

1. Ler ben toda a información aportada, e aclarar calquera dúbida que poida xurdir, ben na reunión que manterá a dirección do campamento cos país dos nenos/as asistentes antes do inicio do campamento, ou ben nos teléfonos da asociación (981 347 690 ou 669 111 183) ou no seu correo electrónico escola@neboa.org.

2. Presentar a documentación debidamente cuberta e cos informes solicitados en caso de que sexa necesario.

3. Ser o máis exactos e sinceros posibles á hora de dar a información sobre o seu fillo/a ou protexido/a porque desa información vai depender o benestar e disfrute de todos os participantes na actividade; lembre sempre que os datos persoais son confidenciais.

4. Envíar aos seus fillos/as ou representados/as con alomenos unha mascarilla quirúrxica para cada día marcada co seu nome por si fose necesaria. Aconsellamos asimismo acompañar dun xel pequeno de mans de bolsillo para levar sempre enriba, para o seu uso persoal.

5. Comunicar inmediatamente á dirección do campamento, calquera diagnóstico de positivo en coronavirus que poidera producirse entre os membros da familia do campista unha vez iniciado o campamento, a fin de tomar as medidas oportunas.

6. Comunicar tamén á dirección do campamento se un participante fora diagnosticado de coronavirus nos quince días seguintes á estancia do neno/a no campamento.



XXXII ACAMPADAS INTERMUNICIPAIS NA NATUREZA VILARBÓ 2020



ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO, PARA PARTICIPAR NA ACTIVIDADE ACAMPADAS INTERMUNICIPAIS NA NATUREZA ORGANIZADA POLOS CONCELLOS DE AS PONTES, NEDA, PONTEDEUME E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE TEMPO E AIRE LIBRE NÉBOA.

D/D^acon DNI/NIE
.....

actuando en nome propio (persoa participante maior de idade)

como proxenitor/titor-a da persoa participante (menor de idade):

D/D^a con DNI/NIE
.....

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓNS DE SAÚDE

Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.

Declaro que a persoa participante non convive con ninguén afectado polo Covid-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

Comprométome a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES (*marcar no caso de ser ou convivir con PERSOA VULNERABLE: persoa maior de 60 anos/ persoa diagnosticada de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afeccións médicas anteriores*).

Sendo, a persoa participante, persoa vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE AO COVID-19

Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.



XXXII ACAMPADAS INTERMUNICIPAIS NA NATUREZA VILARBÓ 2020



DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19

- Declaro que recibín e lín a información de adecuación da actividade ao COVID-19 da entidade responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.
- Declaro que recibín e lín o Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou risco de contaxio da entidade responsable da actividade.

CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE COVID-19

- Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

Aconséllase ás persoas participantes e ás persoas proxenitoras ou titoras de participantes menores a consulta dos tutoriais do Sergas dispoñibles neste enlace:

<https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video-5-EPI>

Tamén é aconsellable consultar o documento “Preguntas y respuestas sobre el nuevo coronavirus (COVID-19). 17 marzo 2020. Centro de Coordinación de Alertas y Emergencia Sanitarias. Ministerio de Sanidad de España”. Dispoñible en:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/2020_05_11_Preguntas_respuestas_2019-nCoV-2.pdf

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Medidas_higienicas_COVID-19.pdf

En, a..... de.... de.....

ORGANIZA:

